

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputados **Juan Manuel Fajardo Recouso** e **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

### Exposición de Motivos

Os profesionais do sector do mar, que operan no Porto de Cabo de Cruz, levan anos demandando a instalación de equipamentos que lles permitan utilizar os recursos do seu porto en condicións de igualdade co resto de traballadores do sector de Galicia.

Ademais, neste porto tense investido unha importante cantidade de cartos públicos, pero que non redundaron nas instalacións necesarias para os profesionais do mar, senón para os usuarios da náutica deportiva, polo que este colectivo ten iniciado un proceso público para demandar a instalación de pantaláns de uso para os profesionais do marisqueo, a pesca e o mexillón.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**:

O parlamento de Galicia insta o Goberno galego a proceder de xeito inmediato á instalación de pantaláns para o uso das embarcacións dos profesionais do mar, ademais doutros servizos básicos actualmente ausentes, no porto de Cabo de Cruz.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2015.

Asdo.: Juan Manuel Fajardo Recouso

Ramón Vázquez Díaz

Xosé Manuel Beiras Torrado

Deputados e Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 25/03/2015 13:07:27**

**Ramón Vázquez Díaz na data 25/03/2015 13:10:52**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/03/2015 13:11:10**